



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE XANEIRO DE 2022, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
(Intervención telemática)	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de xaneiro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (22/12/2021)

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 22/12/2021 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre do POS + 2022 (Plan único de concellos)

Dáse conta das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”, aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial con data 26 de novembro de 2021 (BOP núm. 228/22, do 30 de novembro)

Dáse conta así mesmo da circular remitida pola Deputación Provincial sobre da asignación que lle corresponde ao Concello de Vedra:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Achega Provincial 2022	Achega provincial 2021			Préstamo provincial 2022	TOTAL POS + 2022
	Baixas	Asignación	Total achega 2021		
164.936,75	17.154,16	63.911,85	81.066,01	12.370,26	258.373,02

En función das mesmas, propónse :

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	164.936,75
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	164.936,75

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Proxecto construtivo Colectores de saneamento en Bazar. Concello de Vedra (A Coruña)	81.066,01	55.995,38	0	137.061,39	137.061,39
Subtotal investimentos achega provincial 2021	81.066,01	55.955,38	0	137.061,39	137.061,39

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
BANCO SABADELL	12.370,26



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	12.370,26
--	-----------

D)Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello		Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	164.936,75			164.936,75
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)				
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022				
	Achega 2021	81.066,01	55.955,38	0	137.061,39
C- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	12.370,26			12.370,26
	Achega 2022	164.936,75	0	0	164.936,75
	Achega 2021	81.066,01	55.955,38	0	137.061,39
	Préstamo 2022	12.370,26			12.370,26
	TOTAL	258.373,02	55.955,38	0	55.955,38

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
Ampliación da rede de abastecemento en Viño grande e Trobe		23.609,00	112.423,82
Pavimentación de pistas en San Xián, Illobre, San Mamede e outros	169.807,39		



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



TOTAIS	169.807,39	23.609,00	112.423,82
---------------	------------	-----------	------------

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A Presidencia di que a parte da achega que permite financiar gasto corrente, destínase a ela, 164.936,75 €. No que se refire á redución da débeda co Banco Sabadell, é a parte que lle corresponde 12.360 €; e dentro do que é a achega provincial 2021, métese o proxecto de sumidoiros de toda a aldea de Bazar, cun importe de 137.061,39 €.

Faltaba por definir os proxectos complementarios, que son os que agora simplemente s anuncian e que mesmo se poden modificar ou ampliar. O ano pasado foron case 200.000 € de remanentes para eses proxectos complementarios e calcula que este ano van ser un pouco máis; por iso se van arredor dos 270.000 € e por outro lado están as ampliacións das redes principais de auga ata Viño grande que afecta a unha gran parte de Vedra e estender a rede en Trobe dirección Pontevea.

O IVE nas obras de auga pódese deducir e por tanto non se subvencionan. O orzamento subvencionado son 112.000 €, pero o custe son 135.000 €.

Despois está o asfaltado de oito pistas en seis parroquias cun custe aproximado duns 160.000 €.

Esta é a proposta do grupo de goberno e espera o voto favorable da oposición.



Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, solicita que lle aclare o punto número catro das bases reguladoras no que di: “Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera”; xa que revisando os orzamentos non viu incluída a obra de Bazar nos mesmos. Si está a obra de Quintáns que vén do ano pasado. Cre que están incumprindo as bases.

A Presidencia responde que isto ten a súa propia tramitación provincial. Están a falar de obras que ao mellor non se executan ata dentro dun ano, porque se teñen que aprobar no Pleno da Deputación, toda a tramitación das autorizacións correspondentes, etc.

O que está a dicir é que no momento no que se queira adxudicar esa obra hai que dotar dentro dos orzamentos municipais o crédito que lle corresponda a esa partida orzamentaria.

Por exemplo coa obra de Bazar, que se aprobe hoxe en Pleno isto, non quere dicir que mañá poidan licita a obra. Ten que ir á Deputación, teñen que resolver, ver que todo está correcto. Se dentro duns meses dan o visto bo a todo isto, o concello, nese momento, se a quere licitar ten que dotar o orzamento do ano 2022 cunha modificación de créditos, o crédito suficiente para poder adxudicar a obra. Polo tanto non están incumprindo nada.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que as bases do POS+ son de novembro do 2021 e a Presidencia non trouxo ao pleno de decembro o plan porque non o tiña preparado. Tampouco entende que se quere facer esa obra non estea incluída no orzamento e pospoña a aprobación do plan. Parécelle unha falta de planificación.

O seu grupo pode estar máis ou menos de acordo coas obras que pretende realizar; ampliación abastecemento, asfaltado de pistas, para o que ía deixar só remanentes (aínda que non di cales son e non conta coa oposición), etc.

Anuncia a abstención do seu grupo na votación.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que como xa dixo no seu momento respecto ao saneamento en Bazar e xa o dixeron os veciños en reiteradas ocasións, a última o 5 de xaneiro, a depuradora de Bazar verte lixiviados ao río Pereiro. A depuradora tiña que estar xa estabilizada e non o está e agora mesmo está practicamente saturada. Non está preparada para asumir os consumos do colexio, aldea de Bazar e por suposto moito menos o resto da parroquia que están canalizando cara alí. Agora mesmo xa hai queixas polos malos olores.

Cre que é un erro facer esa ampliación sen ter previsto a ampliación desa depuradora que verte ao río Pereiro, que é un río cun caudal cativo.

Respecto da pavimentación das pistas, di que xa levan así 12 anos. Entende que é unha ferramenta de clientelismo excepcional. Non existe unha planificación nin un sistema co que se poida facer unha predición, non hai unha análise de como están os pavimentos, nin da degradación, etc. É unha ferramenta que utilizan indo casa por casa vendendo o favor.

O seu grupo vaise abster na votación.

A Presidencia respóndelle a dona Beatriz Amenal que as planificacións do POS de todos os concellos, as execucións das obras sempre é a un ano, como mínimo, vista. Hai concellos que aínda están executando o POS de hai dous anos atrás, porque non é unha cuestión orzamentaria senón de autorizacións doutras administracións que retrasan a execución das obras. En calquera caso, agradece a abstención do grupo socialista.



Respecto ao pronunciado polo voceiro do BNG, a Presidencia di que non está de acordo co que dixo e tamén lle agradece a abstención do seu grupo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, dique pode estar de acordo ou non, pero é un dato empírico e non refutable que esa depuradora bota merda.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco abstencións do PSdeG-PSOE e BNG.

3º.- Informe, se procede, sobre moción do BNG para declarar o mes de febreiro Mes de Rosalía de Castro.

Dáse conta da urxencia deste punto na orde do día que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, na que expoñen que o 24 de febreiro foi declarado como Día de Rosalía, aínda que segundo documentación atopada recentemente amosa que naceu o día 23.

Sen embargo, a importancia e relevancia da poeta galega fai que un día sexa insuficiente, polo que os recentes datos sobre o día real do seu nacemento e a ocasión do 50 aniversario da Casa de Rosalía, fan idóneo o momento para mudar a data do Día de Rosalía ao 23 de febreiro e estender ao mes de febreiro a homenaxe e recoñecemento.

A difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e galegos, en especial para as xeracións máis novas, que colectivamente contribúen a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo iso, solicítanlle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar no noso concello o 23 de febreiro Día de Rosalía e o mes de febreiro, Mes de Rosalía.

Segundo.- Emprender e/ou apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello durante o mes de febreiro.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que é unha moción de partido evidentemente. Vistos os descubrimentos recentes sobre a data de nacemento de Rosalía, o BNG solicita que se considere o día 23 como o día de Rosalía e se aumente a todo o mes para facer diversas actividades.

Xa que a Festa da Camelia é no mes de febreiro, solicita poder facer algún acto dentro da propia festa, que reflecta o día de Rosalía, ao mesmo tempo que se lle dea publicidade no boletín municipal.

Solicita o apoio a dita moción.



O Sr. Costa Carneiro di que se ben é certo que o Goberno Galego e algunhas entidades culturais e educativas acordaron adiantar a efeméride, tamén é certo que este cambio produciuse despois de que unha investigadora galega, Sagrario Abelleira, revelase no pasado ano unha nova documentación que acredita que a data de nacemento real é o día 23 de febreiro.

O día de Rosalía converteuse nos últimos anos nunha das datas máis sinaladas do calendario cultural galego, e por primeira vez tamén se converteu nunha efeméride de obrigado cumprimento nos centros educativos de ensino sostidos con fondos públicos de Galicia.

É por iso que o seu grupo vai votar a favor, e dende o concello convidan á sociedade vedresa a renderlle unha homenaxe a Rosalía nese día, nese mes e en todos os do ano lendo e poñendo en valor a súa obra.

Por outro lado, non pode esquecer que o Alcalde que representa a toda a corporación asinou un convenio de colaboración coa Fundación Rosalía de Castro e converteu ao concello de Vedra nun dos primeiros concellos mecenas da Casa de Rosalía. En virtude dese convenio anual, os escolares do municipio poden ter visitas guiadas e de balde á Casa de Rosalía.

Isto tamén é un compromiso histórico deste concello, dado que o concello de Vedra xa apoiara economicamente no ano 1971 cunha doazón de 500 pesetas a posta en marcha da Casa Museo.

Anuncia o voto a favor do grupo de goberno.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o grupo socialista xa presentara esta moción na anterior lexislatura no pleno de febreiro de 2018 antes de ver a luz os novos resultados da investigación.

Parécelle unha boa idea aproveitar a Festa da Camelia para facer algún tipo de actividades respecto a isto.

Di que votarán a favor.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta se as distintas asociacións do concello poder optar a esas visitas guiadas e de balde á Casa de Rosalía.

A Presidencia contesta que si, segundo o convenio, pero que agora habería que consultalo polos protocolos respecto da COVID-19.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG cre que sería interesante que se lle dera publicidade a esa posibilidade.

O Sr. Costa Carneiro contesta que xa se lle deu publicidade no seu momento e saíu nos medios de comunicación. De todos xeitos, sae publicado no boletín de información municipal.

Posta a votación, apróbbase por unanimidade.

3º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG, no pleno de novembro a Presidencia contesta:



1º.- Sobre das achegas municipais e dos propietarios do polígono industrial, a Presidencia di que por un lado está a redacción do plan de sectorización e dos proxectos de reurbanización e parcelación que no seu momento foron adxudicados por concurso a URBE Plan por un importe de 432,438 € sen IVE, e co IVE un total de 523.250 €. A día de hoxe URBE Plan ten facturado ao concello, salvo erro ou omisión pola súa parte, 183.804,45 €.

Por outro lado, a día de hoxe, outro custe foi o facturado por Novatec polos servizos técnicos prestados para o que foi a primeira fase, a nivel de redacción de proxectos de alimentación eléctrica e nova tensión ao polígono industrial de Vedra por importe de 17.668,85 €. Todo isto sumado fai un total arredor de 201.000 €.

Aos propietarios, que son os que teñen que pagar os custes, o concello facturoulles e xa teñen abonado, 198.142,33 €. Só está pendente de pagar unha pequena cantidade por parte das empresas Invardia e Ponte da Barca, arredor duns 4.000 € entre as dúas e que xa está en vía executiva na Deputación de A Coruña.

Sinala que en relación á UTE, que despois quedouse o BBVA cos terreos e que a día de hoxe están en mans dun fondo de inversión chamado Divarian,. están ao corrente das súas obrigas económicas co concello. Teñen pagado algo máis de 113.000 €.

a maiores dos 113.000 € e por tanto a maiores dos 198.142,33 € sumados entre propietarios, UTE ou BBVA, pagaron 15.481,34 € de recargos e intereses polos impagos feitos ata ese momento.

Por outro lado, en virtude do convenio asinado polo concello, a UTE, a cooperativa de empresarios de Vedra, Invardia e Ponte da Barca, asinado na época de Odón Cobas, onde se acorda que o polígono se vai desenvolver a través do sistema de cooperación, acórdase que haxa unha remuneración ao concello por todos aqueles outros gastos que incorran en relación á xestión, asesoramento, etc. do polígono industrial, con independencia do custe da redacción dos proxectos antes mencionados mentres non se remate o mesmo. Naquel momento calculouse unha cantidade de 296.538 €. Desa cantidade, xa abonaron os propietarios 148.269 €. A cantidade restante, no convenio figura que nacerá a obriga de pagalos a partir da aprobación definitiva dos proxectos de reparcelación e urbanización.

O plan de sectorización xa ten o visto bo da Xunta e os seguintes pasos van ser os proxectos de reparcelación e urbanización.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre se se recibiu as peticións que se fixeron na asemblea da AAVV de San Xián, di que lle consta que o presidente falou con Enrique e que ían presentar todo por escrito.

2º.- Respecto ao pino que caeu na corredeira que comunica Matelo e máis a Torre con Paradela, di que xa foi retirado naqueles días.

Intervén dona Beatriz Amenal para dicir que non se refería só ao pino, senón tamén ao mal estado no que se atopa esa corredeira e que supón un perigo.

A Presidencia replica que pode quedar co concelleiro de obras e ir alí para ver as necesidades e posibilidades.



-- Ás preguntas formuladas polo Sr. García Cutrín do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre as obras na escola unitaria de San Fins di que teñen previsto realizalas no verán.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á lista de agarda do SAF, di que no SAF de libre concorrência, que depende exclusivamente do concello, non hai lista de agarda. Acaban de entrar tres solicitudes que están pendentes de valoración.

No que se refire ao SAF dependencia, a xestión non depende do concello, senón da Xunta, e nesa lista hai que diferenciar varias circunstancias:

a.- Hai 15 persoas que están esperando pero que xa están sendo atendidas no SAF libre concorrência.

b.- Hai 5 persoas que xa están en SAF dependencia que lle recoñecen a revisión de grao e lle conceden máis horas e están esperando ese aumento de horas.

c.- Hai entre 8 e 10 persoas que están en grao 1 ou usando outros recursos do concello como o convenio con Agadea, Habilitas, ou que non están institucionalizadas no sentido deter unha residencia ou horas de SAF, ás que a Xunta lle concede mentres tanto unha libranza económica.

Polo tanto non hai lista de agarda como tal en Vedra e en todo caso remítea á traballadora social do concello.

2º.- Sobre a partida que estaba incorrecta nos orzamentos de 40.000 € di que non existen partidas incorrectas. Iso é unha previsión xenérica para a adquisición de terreos e se se precisa máis dotación económica haberá que facer unha modificación de crédito de se-lo caso.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á expropiación dos terreos para o espazo público en San Xián, di que as negociacións están estancadas e que van iniciar o proceso de expropiación formal dese terreo.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, sobre a estrada da Gaiosa e as melloras do SAF di que xa están contestadas.

4º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Na sesión plenaria do mes pasado falouse da iluminación da pista de rodadura de Vedra, que agora xa está máis moderada. Preguntando a expertos na materia dixéronlle que o foco que tanto molestaba era porque se aproveitaron as antigas columnas do campo de fútbol para instalar a iluminación e que deberían ter un 7 ou oito metros máis de altura.



2º.- Respecto ao espazo público en San Xián, acaba de dicir que iniciarían a expropiación en febreiro. No próximo pleno solicitará información de como vai ese tema.

3º.- Na Xunta de Goberno Local anterior figura un pago a Fermín pola redacción do proxecto do centro de día. Pregunta se se pode ver, como está ese tema e se xa está presentado na Xunta de Galicia.

4º.- Séguelle preocupando o que está a pasar coa extensión dos viñedos. No seu momento a Presidencia dixo que a empresa tiña que ter presentado un plan de escorrentías e que tiña que estar executado en decembro. Pregunta se está presentado e executado.

Por outro lado, o concello tivo que botar formigón nunha parte da rede de sumidoiros nunha zona que fora levantada polas escorrentías. Pregunta quen vai asumir o custe diso.

Pregunta se a Presidencia sabe cantas hectáreas máis se vai seguir estendendo a superficie dedicada a viñado e onde. Tamén pregunta se o concello está a esixir todo o preciso para facer iso e que non teñan que pagar os veciños as consecuencias.

5º.- Pregunta cal é o plan de atención 24 horas do servizo de abastecemento municipal. O día 3 de xaneiro pasou aviso dunha avaría e foron arranxalo o día 10. O Sr. González Couto dixo que fora un problema coa soldadura e que só ten un ano de garantía e iso é mentira. Unha obra de abastecemento, a máis grande que se fixo no concello por case 400.000 €, ten un ano de garantía e catro anos máis que ofrecen todas as empresas porque se lle valorou e deu a puntuación na mesa de contratación. O concello non ten que asumir un custe que non debe.

6º.- Recórdalle que segue pendente a homenaxe a Arturo Cajaraville.

7º.- Repróchalle que, a pesares de incidir varias veces en pleno, o Alcalde comunique as súas viaxes institucionais e segue sen facelo, xa que aparece en varias fotografías en Fitur. Pregunta cantos días estivo, cal foi o seu cometido.

--Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- No pleno pasado referíase aos 40.000 € que teñen mal consignados no programa de urbanismo co concepto “novos equipos informáticos”. Pregunta se xa foi corrixido o erro ou se mandou así á Xunta de Galicia.

-- O Sr. Pose Rodríguez do BNG, pregunta:

1º.- Respecto aos custes do polígono industrial quédalle por saber o custe do que foi o desenvolvemento do plan e o que foi o plan de sectorización do polígono, xa que lle estraña que esa sectorización se custeara cos orzamentos anteriores.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



2º.- Recórdalle sobre o proceso de expropiación que van iniciar en San Xián, que unha vez iniciado o proceso teñen dereito á ocupación, exactamente igual que se fixo coa leira de Marcelino.

Unha vez iniciado o proceso, solicita que se ocupe o espazo e se adecúe. Se pode ser que os rapaces teñan xa este ano un patio de xogos e non teñan que esperar ao ano que vén.

3º.- Respecto aos viñedos, recórdalle á Presidencia que teñen unha moción sobre un SIX para construír, que é unha ferramenta para predicir procesos de contaminación, movementos de terras, escorrentías, etc. Roga que a poñan en marcha xa.

Conclúe ao fio das vinte e dúas horas e trinta minutos.